

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

17608 *Real decreto 716/2019, do 5 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e o Real decreto 700/1988, do 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable derivados das infraccións previstas no título VII da Lei xeral orzamentaria.*

O Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, modificou os termos e as condicións de outorgamento, existencia e eficacia da clasificación como contratista de obras e como contratista de servizos das administracións públicas.

Co obxecto de lles facilitar ás empresas con clasificación vixente no momento da entrada en vigor da norma a adaptación da súa clasificación a estes novos termos e condicións, a disposición transitoria cuarta do Real decreto 773/2015 citado estableceu que as clasificacións outorgadas con data anterior á entrada en vigor do real decreto perderían a súa vixencia e eficacia o 1 de xaneiro de 2020.

Malia o tempo transcorrido desde a promulgación do real decreto, en 30 de xuño de 2019 hai máis de 3.000 contratistas de obras e máis de 4.600 contratistas de servizos con clasificación outorgada de acordo coa normativa vixente antes da súa entrada en vigor. As ditas cifras representan, aproximadamente, un 53 % e un 63 % do número total de empresas clasificadas como contratistas de obras e como contratistas de servizos das administracións públicas, respectivamente.

A adaptación das clasificacións destas empresas ás novas regras establecidas no repetido real decreto exige que os interesados insten a tramitación dun procedemento de revisión. Dado que as solicitudes de revisión non se presentaron de forma suficientemente gradual ao longo do período transitorio transcorrido ata a data, e que se calcula que a tramitación e resolución dos procedementos de revisión exixiría tramitar case oito mil expedientes de revisión de clasificación en moi poucos meses, considérase imprescindible estender o réxime transitorio de validez e eficacia das clasificacións outorgadas baixo as regras aplicables antes da entrada en vigor do repetido real decreto aínda vixentes. Con esta medida preténdese evitar que o previsible aluvián de solicitudes de revisión que se presenten ao final do período transitorio supere as capacidades de tramitación de expedientes de clasificación dos órganos de apoio da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

Adicionalmente, e dado que máis da metade das empresas clasificadas deixaron transcorrer case todo o prazo concedido para adaptar as súas clasificacións ás novas regras sen instar a súa revisión, resulta aconsellable adoptar medidas complementarias que eviten que a extensión do réxime transitorio proposta se limite a trasladar a actual situación a unha data posterior e que, próximo o vencemento do novo prazo, siga habendo un elevado número de empresas clasificadas que pospuxeron ata o último momento a presentación da súa solicitude de revisión de clasificación.

Por iso, o presente real decreto gradúa a extensión do prazo de validez das clasificacións en función da contía dos contratos a que as empresas poden optar, de maneira que a extensión de prazo sexa dun ano para os contratos cuxa contía requira dispor da máxima categoría de clasificación, e amplía o prazo en dous anos para o resto dos casos. Deste modo, as empresas que dispoñen de clasificacións máis elevadas terán un incentivo para instar o antes posible a revisión da súa clasificación, e iso permitirá unha

distribución máis uniforme no tempo do proceso de revisión e outorgamento de clasificacións.

Este real decreto contén un artigo único que modifica, en primeiro lugar, a disposición transitoria segunda do Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado mediante o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, co obxecto de alterar o réxime transitorio establecido inicialmente para a validez e eficacia da clasificación exigible para os contratos de obras.

En segundo lugar, modifica a disposición transitoria terceira do dito real decreto alterando o réxime transitorio establecido inicialmente para a validez e eficacia da clasificación exigible para os contratos de servizos outorgados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 773/2015.

En terceiro lugar, modifica a disposición transitoria cuarta do dito real decreto alterando o réxime transitorio establecido inicialmente relativo á vixencia das clasificacións outorgadas antes da entrada en vigor do Real decreto 773/2015.

O articulado complementase cunha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

A disposición derradeira primeira modifica o Real decreto 700/1988, do 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable derivados das infraccións previstas no título VII da Lei xeral orzamentaria.

O obxectivo é establecer un prazo específico de seis meses para tramitar e notificar a resolución neste tipo de expedientes, facendo uso da previsión do artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), que establece a posibilidade de que as normas reguladoras dos procedementos fixen un prazo distinto do xeral, que é de tres meses, o que permite contar cun prazo acorde coas actuacións propias que se deben realizar neste tipo de procedementos.

As disposicións derradeiras restantes fan referencia ao título competencial sobre a base do que se dita o real decreto, a entrada en vigor da norma e a habilitación normativa.

Esta norma dítase en exercicio da habilitación contida na disposición derradeira oitava da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo en conta que o real decreto que agora se modifica debe entenderse vixente en canto non se opón ao regulado na dita lei.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a elaboración deste real decreto efectuouse de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Así, cúmprese cos principios de necesidade e eficacia, por canto que a modificación das normas contidas no real decreto, ao teren rango regulamentario, precisa da súa incorporación ao ordenamento xurídico a través dunha norma de igual rango.

Cúmprese tamén o principio de proporcionalidade, ao conter a regulación necesaria para acadar os obxectivos que se pretenden coas modificacións que incorpora o real decreto.

Respecto ao principio de seguridade xurídica, garantiuse a coherencia do texto co resto do ordenamento xurídico xa que se xerou un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións dos diferentes suxeitos afectados, sen introdución de cargas administrativas innecesarias.

O principio de transparencia, sen prexuízo da súa publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado», garántese mediante a publicación do proxecto do real decreto, así como da súa memoria da análise de impacto normativo, na sede electrónica do Ministerio de Facenda, para os efectos de que todos os cidadáns poidan coñecer os ditos textos no trámite de audiencia e información pública.

Por último, en relación co principio de eficiencia, procurouse que a norma xere menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos públicos e o pleno

respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En particular, a norma ten un impacto favorable no eficiente funcionamento do procedemento de tramitación de expedientes de revisión de clasificación de contratistas, pois facilitará a distribución máis uniforme, ao longo dun período de tempo máis dilatado, dunha carga extraordinaria de traballo administrativo de carácter excepcional que, na falta da norma que agora se propón, se concentraría nun período de tempo moi reducido, ocasionando sobrecargas de traballo e atascos no proceso de tramitación, así como incrementos transitorios moi importantes nos niveis de pendencia na resolución dos expedientes de clasificación.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que ao Estado lle atribúe o artigo 149.1.18.^a da Constitución, relativas a lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas.

Finalmente, cabe sinalar que este real decreto se tramitou de forma urxente por decisión do Consello de Ministros, de conformidade co previsto no artigo 27 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.*

O Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, modifícase do seguinte modo.

Un. A disposición transitoria segunda queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Clasificación exigible para os contratos de obras.*

1. Para os contratos de obras cuxo prazo de presentación de ofertas remate antes do día 1 de xaneiro de 2021, as clasificacións nos subgrupos incluídos no artigo 25 do regulamento producirán os seus efectos co alcance e límites cuantitativos determinados para cada subgrupo e categoría de clasificación, tanto se foron outorgadas nos termos establecidos polo presente real decreto como se o foron con anterioridade á súa entrada en vigor e nos termos establecidos polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, de acordo co seguinte cadro de equivalencias:

Categoría do contrato	Categoría do Real decreto 1098/2001
1	A ou B
2	C
3	D
4	E
5	F
6	F

2. Para os contratos de obras cuxa contía non supere os cinco millóns de euros e cuxo prazo de presentación de ofertas remate entre o día 1 de xaneiro de 2021 e o

día 31 de decembro de 2021, ambos os dous inclusive, as clasificacións a que se refire o número anterior producirán os seus efectos de acordo coas regras fixadas no dito número. Para os contratos de contía superior a cinco millóns de euros e cuxo prazo de presentación de ofertas remate entre o día 1 de xaneiro de 2021 e o día 31 de decembro de 2021, ambos os dous inclusive, será requisito indispensable dispor da categoría de clasificación exixida para o contrato segundo o disposto no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, de acordo coa redacción dada a este por este real decreto.»

Dous. A disposición transitoria terceira queda redactada como segue:

«Disposición transitoria terceira. *Clasificacións dos contratos de servizos outorgadas con anterioridade á entrada en vigor do real decreto.*

1. A partir da entrada en vigor do presente real decreto non será exixible a clasificación para os contratos de servizos.

2. Para os contratos de servizos cuxo prazo de presentación de ofertas remate antes do día 1 de xaneiro de 2021, as clasificacións nos subgrupos incluídos no artigo 37 do regulamento producirán os seus efectos co alcance e límites cuantitativos determinados para cada subgrupo e categoría de clasificación, tanto se foron outorgadas nos termos establecidos polo presente real decreto como se o foron con anterioridade á súa entrada en vigor, e nos termos establecidos polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, de acordo co seguinte cadro de equivalencias:

Categoría actual	Categoría do Real decreto 1098/2001
1	A
2	B
3	C
4	D
5	D

3. Ata o día 1 de xaneiro de 2016, as clasificacións vixentes na data de entrada en vigor do presente real decreto, outorgadas de acordo co establecido no citado Real decreto 1098/2001, correspondentes aos subgrupos de clasificación existentes con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto e non incluídos no artigo 37 do regulamento, seguirán producindo efectos de acreditación da solvencia do empresario para aqueles contratos en cuxos pregos se admita como criterio alternativo de selección a clasificación en tales subgrupos. As clasificacións outorgadas nos ditos subgrupos quedarán extinguidas na dita data, e practicaranse de oficio as modificacións correspondentes aos seus asentos nos rexistros de licitadores e empresas clasificadas en que figuren inscritas.

4. Para os contratos de servizos cuxa contía non supere 1.200.000 euros e cuxo prazo de presentación de ofertas remate entre o día 1 de xaneiro de 2021 e o día 31 de decembro de 2021, ambos os dous inclusive, as clasificacións a que se refire o número 2 producirán os seus efectos de acordo coas regras fixadas no dito número. Para os contratos de contía superior a 1.200.000 euros e cuxo prazo de presentación de ofertas remate entre o día 1 de xaneiro de 2021 e o día 31 de decembro de 2021, ambos os dous inclusive, só serán eficaces as clasificacións outorgadas segundo o disposto no Regulamento xeral da Lei de contratos das

administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, de acordo coa redacción dada a el por este real decreto.»

Tres. A disposición transitoria cuarta queda redactada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. *Vixencia das clasificacións outorgadas antes da entrada en vigor do real decreto.*

As clasificacións outorgadas con data anterior á entrada en vigor do presente real decreto perderán a súa vixencia e eficacia o día 1 de xaneiro de 2022, e realizarase a súa baixa de oficio dos rexistros de licitadores e empresas clasificadas en que figuren inscritas. O anterior entenderase sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias segunda e terceira do presente real decreto.

Ata a dita data, a xustificación do mantemento da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica ou profesional das empresas que obtiveron e manteñen en vigor a súa clasificación, de conformidade coa normativa vixente antes da entrada en vigor do presente real decreto, seguirá rexéndose pola dita normativa, para os efectos do mantemento da súa clasificación nos mesmos termos en que foi outorgada.

Os procedementos de revisión da clasificación que, ao abeiro do disposto na lexislación de contratos do sector público, se inicien con posterioridade á entrada en vigor do presente real decreto rexeranse polas disposicións vixentes na data de inicio do procedemento, salvo nos casos de procedementos iniciados de oficio en que se constate que o interesado mantén as condicións de solvencia que determinaron a obtención da súa clasificación nos termos vixentes no momento da súa obtención, circunstancia que dará lugar ao arquivamento do expediente.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 700/1988, do 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable derivados das infraccións previstas no título VII da Lei xeral orzamentaria.*

O Real decreto 700/1988, do 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable derivados das infraccións previstas no título VII da Lei xeral orzamentaria, modifícase do seguinte modo:

Un. O título do artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Competencia e prazo de tramitación e notificación da resolución.*»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 3 coa seguinte redacción:

«3. O prazo máximo de tramitación e notificación da resolución dos expedientes administrativos será de seis meses.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial e carácter básico.*

1. Este real decreto dítase en virtude das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.18.^a da Constitución en materia de lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas.

2. As disposicións deste real decreto teñen carácter básico, salvo o previsto na disposición derradeira primeira, que será de aplicación exclusivamente á Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílase a ministra de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO